



# XOVES

## I+D+i

Estimados/as amigos/as:

O **Diario Oficial de Galicia (DOG)** de mañá, 4 de marzo, publicará as convocatorias conxuntas da Axencia Galega de Innovación (GAIN) e da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para a **contratación de investigadores nas etapas predoutoral e posdoutoral**. A dotación total de ambas convocatorias ascende a 16 millóns de euros, un 26% máis sobre o importe destinado a este fin o ano anterior, coa que se financiarán un máximo de 100 contratos na etapa predoutoral e 75 na etapa posdoutoral.

Poderán optar a estas axudas as **universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG)**, os **organismos públicos de investigación de Galicia**, as **fundacións de investigación sanitaria de Galicia** (Fundación para a Investigación Desenvolvemento e Innovación Ramón Domínguez, Fundación Profesor Novoa Santos, Fundación Biomédica Galicia Sur) e os **centros do Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC) e o Instituto Español de Oceanografía (IEO)** radicados en Galicia.

Os **contratos de formación predoutoral** terán unha duración de **tres anos** e unhas retribucións brutas anuais que oscilan entre os **20.500 e os 23.500 euros**. As principais novidades son que no segundo ano poderán realizar unha estadía de **tres meses no estranxeiro** cunha achega extra de até 4.500 euros, para mellorar a súa formación e facilitar que acaden a mención de doutor/a internacional, e que se reservan 20 prazas para as áreas de Artes e Humanidades e Ciencias sociais e xurídicas.

As axudas posdoutorais financian un máximo de dous anos para a realización de estadias no estranxeiro e un contrato de retorno dun ano en Galicia. Neste caso as retribucións brutas anuais son dun máximo de 42.000 euros na fase de estadia e 36.000 euros no contrato de retorno. Ademais, existe unha modalidade B, só destinada ás universidades do SUG, que da continuidade á formación do persoal investigador que obtivo unha praza na convocatoria 2012 do programa de formación inicial da etapa posdoutoral. Aquí a retribución bruta anual é de 36.000 euros cunha achega adicional de 20.000 euros para o apoio na busca de liñas propias de investigación.

As bases completas das convocatorias estarán dispoñibles a partir de mañá na [sección Axudas da web de GAIN](#) ou no [DOG](#) do 4 de marzo de 2016.

Agardamos que esta información sexa do teu interese e despedímonos ata o vindeiro xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando [aquí](#) . Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a [informa.gain@xunta.es](mailto:informa.gain@xunta.es).